

NOTA INFORMATIVA FÚTBOL SALA: Nº 6

GUÍA CUMPRIMIENTO DE PROTOCOLOS COVID-19

RESUMO PROTOCOLOS COMPETICIÓN FÚTBOL SALA

TEMPADA 2020/2021

Esta guía ten por obxecto proporcionar aos clubs e aos demais estamentos federativos información destacada dos distintos protocolos vixentes no momento de publicación desta nota informativa, sen prexuízo de todo o contido de cada un deles, establecidos polas autoridades competentes en relación o Covid-19 para o desenvolvemento das competicións da especialidade de fútbol sala da Real Federación Galega de Fútbol (RFGF).

Toda esta información e protocolos de obrigado cumprimento encontrase dispoñible na web da RFGF, www.futgal.es.

- PROTOCOLO FISICOVID-DXTGALEGO REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL “Medidas relativas á protección e prevención da saúde fronte ao Covid-19 na volta á actividade deportiva” FÚTBOL SALA (TODAS AS CATEGORÍAS) (Actualizado 15/01/2021)
- DOGA ORDE pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. (25/02/2021)
- Guía simplificada das medidas preventivas para facer fronte ao risco de contaxio pola Covid-19 de aplicación ao Deporte Galego. (26/02/2021)
- Comunicación e xestión de casos confirmados da Covid-19 no sector deportivo federado de ámbito autonómico e estatal en Galicia. (15/12/2020)
- CIRCULAR COVID Nº1 RFGF: Normas extraordinarias para a tempada 2020/2021 motivadas pola pandemia do Covid-19.
- CIRCULAR Nº13 RFGF FS: Normas extraordinarias motivadas pola pandemia da Covid-19

ENLACE INFORMACIÓN E PROTOCOLOS COVID-19

<http://www.futgal.es/pnfg/NPortada?CodPortada=1000808>

RESTRICIÓN DE MOBILIDADE E DE HORARIO NOCTURNO

Quedan exceptuados de tales limitacións aqueles desprazamentos, adecuadamente xustificadas, para adestramentos ou competicións de ámbito federado.

Que a persoa que se desprace porte durante o desprazamento:

- Certificado segundo o modelo do Anexo I da Guía simplificada da SXD. (Cumprimentar club)
- Copia da licenza en vigor da RFGF.

MEDIDAS E INFORMACIÓN XERAL

MEDIDAS DE PREVENCIÓN

Antes de acudir a un adestramento ou partido facer unha auto-avaliación clínica e valorar os seguintes síntomas:

- Tose seca ou dificultade respiratoria.
- Temperatura maior a 37,5°C
- Cansazo, dor muscular, falta de olfacto, falta de gusto ou diarrea.

¿Cómo proceder ante a presenza destes síntomas?

- Non acudir ao adestramento ou partido do club.
- Quedar na casa.
- Chamar o médico de atención primaria, pediatra ou Sergas para notificalo.

Se non consegue contactar cós servizos sanitarios, poderá chamar ao 900 400 116 ou ao 881 00 20 21. Seguir as indicacións do persoal sanitario.

SÓ ACUDE A ADESTRAR OU XOGAR SE TE ATOPAS BEN E SEN SÍNTOMAS, non acudas estando en situación de illamento ou pendente de resultado de probas.

CONSIDERACIÓN CONTACTO DE RISCO COVID-19

Estar a menos da distancia de seguridade doutra persoa, durante máis de 15 minutos e sen medidas de protección como é a máscara homologada.

¿Que acontece se estiven máis de 15 min con esa persoa?

Se levabas posta a máscara homologada non se considera un contacto de risco.

¿Cando debo ter posta a máscara homologada?

Sempre se deberá ter posta.



PROCEDEMENTO SE OS SÍNTOMAS SE INICIAN NA INSTALACIÓN DEPORTIVA

- Contactar coa familia ou persoa de referencia do integrante do club que presenta síntomas.
- Esta persoa deberá presentarse á maior brevidade posible.
- Esta persoa deberá solicitar consulta telefónica co médico de atención primaria - facultativo.
- Cada club ten que dispor de un espazo específico de uso individual para illar a aquelas persoas nas que se detecten síntomas mentres se xestiona o seu traslado.

COMUNICACIÓN DE CASOS POSITIVOS COVID-19

No caso de que se detecte un ou varios positivos Covid nun club atenderase ao establecido nas Normas Extraordinarias para a tempada 2020/2021 motivadas pola pandemia da COVID-19 (Circular nº1) e o documento de “Comunicación e Xestión de Casos Confirmados da COVID-19 non Sector Deportivo Federado de Ámbito Autonómico e Estatal en Galicia” da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellaría de Sanidade da Xunta de Galicia.

Cando nun club é detectado un positivo por COVID-19 entre os integrantes ou é informado do mesmo por proba externa, deberá:

1. Notificar de maneira inmediata á RFGF mediante o interlocutor Covid-19 da delegación.
2. Enviar Anexo 1 Comunicación de casos confirmados (SXD) a incidenciascovid@futgal.es
3. O integrante do equipo non poderá incorporarse á actividade do equipo ata recibir a alta médica.
4. Realizar un rastrexo interno para poder determinar outros integrantes do equipo que puidesen entrar en contacto estreito co infectado/a.

Tras a identificación dun caso positivo valoraranse polo organismo competente as medidas utilizadas en cada caso e tomarase a decisión de suspender adestramentos ou encontros en función dos riscos detectados. En definitiva, **1 ou 2 positivos na plantilla dun club non supón a suspensión automática do partido ou dos adestramentos.**

Ante a detección dun brote no equipo, detección de 3 ou máis casos nun mesmo equipo, grupo de adestramento ou competición nun período curto de tempo (menos de 14 días entre o primeiro e último caso), deberá realizarse unha valoración por parte das autoridades sanitarias e provocará a suspensión automática do partido se estes non se asocian a contactos fóra da actividade deportiva.

DESPRAZAMENTOS A ADESTRAMENTOS OU ENCONTROS

- Recoméndase que se faga de forma individual ou, ser fora preciso, con algún convivinte.
- No transporte compartido (autobús) farase hixiene de mans antes de acceder e uso de máscara homologada en todo momento. Manterse no asento asignado durante todo o desprazamento, ida e volta se fora o caso.
- Pode non estar non permitido compartir medio de transporte privado entre non conviventes. Revisar a normativa vixente para cada momento.

Resumo: (Pode variar segundo a normativa vixente en cada momento)

Vehículo particular: Non se pode usar entre persoas non convivintes, exceptuando os futbolistas que comparten equipo.

Exemplos:

Un adulto (pai, nai ou similar) non pode levar no mesmo vehículo a varios futbolistas do mesmo ou distinto club, sempre que non sexan convivintes.

Un futbolista pode levar a 1, 2 ou 3 compañeiros no seu vehículo cumprindo as seguintes pautas:

- 2 persoas por fila do vehículo.
- Uso obrigatorio de máscara homologada.
- Ventilación continua ou cada 5 minutos.

Autobuses ou furgonetas: Cumprir as seguintes pautas:

- Ventilación permanente.
- Uso obrigatorio de máscara homologada.
- Máxima separación posible entre as persoas. Nas furgonetas dous (2) persoas por fila como máximo.
- Cada persoa debe utilizar o mesmo asento na ida como na volta.
- Reducir ao mínimo posible as persoas que viaxan co equipo.



MEDIDAS E INFORMACIÓN PARA ADESTRAMENTOS

OBRIGATORIO O USO DA MÁSCARA HOMOLOGADA EN TODO MOMENTO

CHEGADA A INSTALACIÓN

GARANTIR QUE TODA PERSOA QUE ENTRA NA INSTALACIÓN REALIZA:

Toda persoa: Xogadores, oficiais, árbitros, organizadores, público, prensa, federación...

- EN FILA RESPETANDO A DISTANCIA DE SEGURIDADE 1,5m.
- EVITAR AS AGLOMERACIÓNS.
- TOMA DE TEMPERATURA.
- DESINFECCIÓN DE MANS.
- REXISTRO DAS PERSOAS QUE ACCEDEN A INSTALACIÓN.

Cumprir, se fora o caso, o protocolo marcado polo propietario ou xestor da instalación.

ACCESO ÁS INSTALACIÓNS DOS FAMILIARES/PÚBLICO

RECOMÉNDASE O NON ACCESO ÁS INSTALACIÓNS DOS FAMILIARES OU PÚBLICO EN XERAL

Se o club opta por que poidan acceder ás instalacións os familiares ou o público en xeral, debe cumprir en todo momento o establecido tanto polo propietario ou xestor da instalación como polas autoridades competentes.

USO DE VESTIARIOS

RECOMÉNDASE NON FACER USO DOS VESTIARIOS.

Se o club opta por que poidan facer uso dos vestiarios, debe cumprir en todo momento o establecido tanto polo propietario ou xestor da instalación como polas autoridades competentes.

EQUIPACIÓN NECESARIA

O xogador ou corpo técnico debe levar para xogar ou adestrar:

- Botas/zapatillas diferentes ás do uso da rúa. (Cambiar o calzado)
- Máscaras homologadas de reposto
- Bebida individual

Recoméndase acudir vestidos coa roupa axeitada (sen ter que empregar os vestiarios):

Adestramentos	Roupa axeitada de adestramento
Partidos	Equipación de xogo do club.

Establecer un lugar para as mochilas ou pertenzas dos participantes ou do club.



LIMPEZA MATERIAL ADESTRAMENTO

Procederase á limpeza de balóns e o material de adestramento de forma regular. Esta limpeza será obrigada entre adestramentos de distintos equipos do club, se utilizan o mesmo material.

HIDRATACIÓN DURANTE O ADESTRAMENTO

Sempre que se realice unha pausa para hidratación:

- MANTER DISTANCIA DE SEGURIDADE 1,5m
- NON FALAR MENTRAS SE REALIZA
- REALIZALO NO MÍNIMO TEMPO INDISPENSABLE

SALIDA DA INSTALACIÓN

Toda persoa que realizou o adestramento: Xogadores, oficiais, árbitros...

- DESINFECCIÓN DE MANS
- CAMBIAR, NO MÍNIMO TEMPO INDISPENSABLE, A MÁSCARA HOMOLAGA
- CAMBIAR O CALZADO
- EN FILA RESPETANDO A DISTANCIA DE SEGURIDADE 1,5m

MEDIDAS E INFORMACIÓN PARTIDOS

OBRIGATORIO O USO DA MÁSCARA HOMOLOGADA EN TODO MOMENTO

CHEGADA A INSTALACIÓN

GARANTIR QUE TODA PERSOA QUE ENTRA NA INSTALACIÓN REALIZA:

Toda persoa: Xogadores, oficiais, árbitros, organizadores, público, prensa, federación...

- EN FILA RESPETANDO A DISTANCIA DE SEGURIDADE 1,5m
- EVITAR AS AGLOMERACIÓNS
- TOMA DE TEMPERATURA
- DESINFECCIÓN DE MANS
- REXISTRO DAS PERSOAS QUE ACCEDEN A INSTALACIÓN

Cumprir, se fora o caso, o protocolo marcado polo propietario ou xestor da instalación.

ACCESO ÁS INSTALACIÓNS DOS FAMILIARES/PÚBLICO

RECOMÉNDASE O NON ACCESO ÁS INSTALACIÓNS DOS FAMILIARES OU PÚBLICO EN XERAL

Se o club opta por que poidan acceder ás instalacións os familiares ou o público en xeral, debe cumprir en todo momento o establecido tanto polo propietario ou xestor da instalación como polas autoridades competentes.

USO DE VESTIARIOS

RECOMÉNDASE NON FACER USO DOS VESTIARIOS.

Se o club opta por que poidan facer uso dos vestiarios, debe cumprir en todo momento o establecido tanto polo propietario ou xestor da instalación como polas autoridades competentes.

EQUIPACIÓN NECESARIA

O xogador ou corpo técnico debe levar para xogar ou adestrar:

- Botas/zapatillas diferentes ás do uso da rúa. (Cambiar o calzado)
- Máscaras homologadas de reposto
- Bebida individual

Recoméndase acudir vestidos coa roupa axeitada (sen ter que empregar os vestiarios):

Adestramentos
Partidos

Roupa axeitada de adestramento
Equipación de xogo do club.

Establecer un lugar para as mochilas ou pertenzas dos participantes ou do club.

LIMPEZA BALÓNS DE PARTIDO

Procederase á limpeza dos balóns o finalizar o quecemento e antes de entregar os árbitros para a disputa do partido.

Procederase á limpeza do balón se este vai á grada e o toca alguén alleo o partido.

USO DOS BANQUILLOS

Garantir a distancia obrigatoria entre os compoñentes. Poderase prolongar a dimensión do banquillo.

Recoméndase o uso de cadeiras individuais para todas as persoas (xogadores + oficiais + árbitros)

O club que actúa como local é o encargado de garantir a desinfección de ambos banquillos.

1. Limpeza do banquillo o chegar á instalación.
2. Limpeza do banquillo no descanso, no caso de cambio de campo.

EN COMPETICIÓNS LOCAIS OS EQUIPOS NON INTERCAMBIARÁN DE CAMPO NA SEGUNDA PARTE DO PARTIDO. No sorteo inicial unicamente elixirase o equipo que saca de centro.

HIDRATACIÓN DURANTE O PARTIDO, DESCANSO E TEMPOS MORTOS

Sempre que se realice unha pausa para hidratación:

- MANTER DISTANCIA DE SEGURIDADE 1,5m
- NON FALAR MENTRAS SE REALIZA
- REALIZALO NO MÍNIMO TEMPO INDISPENSABLE

SUBSTITUTOS

O SUPLENTE NON ENTREGARÁ O PETO AO XOGADOR AO QUE VAI SUBSTITUÍR.

Os suplente deberá levar sempre o peto, tanto no banquillo coma na zona de quecemento. Cada xogador debera ter un peto individual para evitar o intercambio entre xogadores.

SAÚDO FAIR PLAY

NON SE REALIZARÁ O SAÚDO FAIR PLAY.

TEMPO DE DESCANSO

Durante o tempo de descanso recoméndase que os equipos queden na superficie de xogo, sen retirarse da mesma para garantir a distancia social. Dispoñéndose cada equipo nun lado da pista.

TEMPOS MORTOS

Non se empregará ningún documento ou cartón para solicitar tempo morto, este solicitarase de viva voz e mediante xesto coas mans, segundo indica a xestofoma das regras de xogo..

XOGADOR EXPULSADO

Non se empregará ningún documento ou cartón trala expulsión dun xogador para sinalar os dous minutos en inferioridade numérica.

ACTA DO PARTIDO

DCO (Delegado Covid) ou, no seu defecto, o delegado do club local informará mediante a súa declaración que constará no acta do partido que cumprense todas as normas de hixiene na instalación para a disputa del partido.

Antes do inicio do partido, o DCO (Delegado Covid) do club local D.[Nome + Apelidos], manifesta que se cumpran todas as normas de hixiene na instalación para a disputa do partido segundo os protocolos vixentes.

DCO (Delegado Covid) ou, na súa ausencia, o delegado de equipo ou o adestrador do equipo fará a declaración.

SALIDA DA INSTALACIÓN

Toda persoa que xogou: Xogadores, oficiais, árbitros...

- DESINFECCIÓN DE MANS
- CAMBIAR, NO MÍNIMO TEMPO INDISPENSABLE, A MÁSCARA HOMOLAGA
- CAMBIAR O CALZADO
- EN FILA RESPETANDO A DISTANCIA DE SEGURIDADE 1,5m

Este documento contén información de carácter meramente xeral, polo que calquera dúbida ou contradicción resolverase atendendo á normativa vixente.



A Coruña, 23 de Marzo de 2021
Real Federación Galega de Fútbol
Comité Galego de Fútbol Sala